

ANUNCIO

PUBLICACIÓN DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN POLÍGONO 2 – SAU 11 – MELIDE (A CORUÑA). PROMOTORES: JUAN CARLOS CASAL VÁZQUEZ, ELADIO CASAL VÁZQUEZ. SITUACIÓN: SECTOR 2 – SAU 11, 15800 MELIDE.

Por Decreto da Alcaldía n.º 187/2024 do 8 de marzo aprobouse definitivamente o proxecto de compensación do polígono 2 do SAU 11 Melide (A Coruña) [expediente 2023/U022/000014. SAU 11, Polígono 2. Proxecto de compensación. Aprobación definitiva]. A resolución adoptada di:

“(…) **SEGUNDO.** *Aprobar con carácter definitivo o proxecto de compensación nomeado Proxecto de compensación Polígono 2 – SAU 11 Melide (A Coruña) redactado polo arquitecto Santiago Muñiz Gómez (colexiado n.º 1411) xunto co avogado Óscar Fernández Agrelo (colexiado n.º do IC Lugo), e asinado dixitalmente con firma dixital válida coas datas 11 e 16 de agosto de 2023, formulado pola Xunta de Compensación do polígono 2 do SAU 11 provista de CIF V16818577.*

TERCEIRO. *Notificar esta resolución a todas as persoas interesadas no procedemento e, unha vez firme en vía administrativa, o acordo de aprobación definitiva será obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade de Arzúa por conta da Xunta de Compensación e nos termos indicados na lexislación estatal, previa certificación administrativa emitida polo Concello na que conste a aprobación definitiva do proxecto e demais circunstancias que se determinan no artigo 272 do RLSL.*

CUARTO. *Incorporar as parcelas de resultado de cesión obrigatoria e gratuíta en pleno dominio e libres de cargas e gravames aos usos previstos polo proxecto de compensación ao inventario municipal de bens:*

- *Parcela ZV, destinada a zona verde pública (sistema local), e dunha superficie de 4.776,54 m²*
- *Parcela VP, destinada viario público, de 2.738,95 m².*
- *Parcela EL, destinada a ubicación de mobiliario urbano e o transformador da urbanización, de 37,59 m²*

QUINTO. *Publicar e na páxina web do Concello, na Sede Electrónica do Concello de Melide, en estrato no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e con notificación de xeito individualizado a todos os interesados no procedemento coa indicación de que a aprobación definitiva pon fin á vía administrativa.*

SEXTO. *Comunicarlle expresamente este acordo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Xerencia Territorial do Catastro para o seu coñecemento e efectos”*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma pódense interpoñer os seguintes recursos:

a) *Recurso reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Este recurso entenderase desestimado por silencio administrativo se, transcorrido un mes contado desde o día seguinte ao da súa interposición, non se notifica a resolución do recurso. Se se opta por presentar este recurso de reposición, contra a resolución do mesmo poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución do recurso de reposición, ou ben no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produciu o acto presunto de desestimación do recurso por silencio administrativo.*

b) *Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de*

conformidade co establecido nos artigos 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa. Se se interpuxo o recurso de reposición previsto no apartado anterior, non se poderá interpoñer este recurso ata que se haxa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer, no seu caso, calquera outro que se estime procedente.

A interposición dos recursos mencionados non suspende, por si soa, a execución do acto administrativo.

O que se publica para os efectos oportunos. O proxecto estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<https://sede.concellodemelide.gal/>].

Melide, 4 de abril de 2024

O alcalde

José Manuel Pérez Penas